

*ANEXO X***BASE DE DATOS DAS EXPLOTACIÓNS**

<i>NOME</i>	<i>DATO</i>	<i>TIPO TAMAÑO</i>
CEA	CEA	NÚMERO (DOBRE) 8
CONTROLADOR	CONTROLADOR	NÚMERO (ENTEIRO) 2
N-VACAS	Nº VACAS	NÚMERO (DOBRE) 8
ORIEN_PROD	ORIENTACIÓN PRODUTIVIDADE	TEXTO 1
COTA	COTA	NÚMERO (DOBRE) 8
TIPO_INST	TIPO INSTALACIÓN	NÚMERO (ENTEIRO) 2
PUNT MUXIDO	PUNTOS MUXIDO	NÚMERO (ENTEIRO) 2
N TANQUES	Nº TANQUES	NÚMERO (ENTEIRO) 2
CAP TANQU1	CAPACIDADE TANQUE 1	NÚMERO (ENTEIRO) 2
CAP TANQU2	CAPACIDADE TANQUE 2	NÚMERO (ENTEIRO) 2
EMPRESA	EMPRESA (SE SON VARIAS)	NÚMERO (ENTEIRO) 2
TÉCNICO	TÉCNICO ASESOR	NÚMERO (ENTEIRO) 2
RUTA	RUTA RECOLLIDA (SE É O CASO)	NÚMERO (ENTEIRO) 2
ZONA	ZONA (SE É O CASO)	NÚMERO (ENTEIRO) 2
PROG BASIC	PROGRAMA BÁSICO (S/N)	TEXTO 1
PROG ACI	PROGRAMA ACI (S/N)	TEXTO 1
PROG XESTI	PROGRAMA XESTIÓN (S/N)	TEXTO 1
PROG REPAR	PROGRAMA REPARACIÓNS (S/N)	TEXTO 1
CONTR REPR	CONTROL REPRODUCCIÓN (S/N)	TEXTO 1
CONTR_LEIT	CONTROL LEITEIRO (S/N)	TEXTO 1
P1	BAIXA	TEXTO 1
T1	MOTIVO BAIXA	TEXTO 20
APELIDO	APELIDO	TEXTO 40
NOME	NOME	TEXTO 20
EX LET CIF	LETRA INICIAL CIF TITULAR	TEXTO 1
EXPL DNI	NUMÉRICO CIF TITULAR	NÚMERO (DOBRE) 8
EX LET DNI	LETRA FINAL CIF TITULAR	TEXTO 1
CO LET CIF	LETRA INICIAL NIF TITULAR COTA	TEXTO 1
COT DNI	NUMÉRICO NIF TITULAR COTA	NÚMERO (DOBRE) 8
CU LET DNI	LETRA FINAL NIF TITULAR COTA	TEXTO 1
LI LET CIF	LETRA INICIAL CIF NO LIGAL	TEXTO 1
LIGA_DNI	NUMÉRICO CIF NO LIGAL	NÚMERO (DOBRE) 8
LI-LET DNI	LETRA FINAL CIF NO LIGAL	TEXTO 1
CEA	CEA EXPLOTACIÓN	NÚMERO (DOBRE) 8
PROVINCIA	PROVINCIA	NÚMERO (ENTEIRO) 2
CONCELLO	CONCELLO	NÚMERO (ENTEIRO) 2
PARROQUIA	PARROQUIA	TEXTO 30
LUGAR	LUGAR	TEXTO 30
TELÉFONO	TELÉFONO	TEXTO 10
APROBADO	APROBADO	TEXTO 1
CÓD AGRUP	CÓD AGRUP	NÚMERO (ENTEIRO) 2

ANEXO XI



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<i>AXUDAS PARA A MELLORA DA CALIDADE DO LEITE</i>	<i>AG231B</i>	<i>AUTORIZACIÓN</i>

AUTORIZO:

A Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200 ____

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se convocan para o ano 2005 axudas para o desenvolvemento de accións formativas complementarias para agricultores e das súas familias, que serán impartidas por asociacións sen ánimo de lucro e vinculadas ao sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia.

A achega do sector agrario á actividade económica e á dinámica social en Galicia ten unha gran magnitude e importancia dentro da sociedade, polo que é preciso atender ás súas demandas en canto á mellora das condicións de traballo, sobre todo nunha época como a actual de profundas transformacións na estrutura da agricultura.

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural ten, entre outros fins, o de promover e orientar, a través da formación e innovación, as accións dos agricultores e as súas familias para a mellor utilización dos seus recursos, actuando permanentemente sobre os membros das familias rurais para activar neles cambios de actitude, melloras no seu medio social, a introdución de producións alter-

nativas e a difusión de coñecementos e técnicas que contribúan ao logro deste obxectivo. Así mesmo, e dentro das medidas para o crecemento e o emprego da Xunta de Galicia, considérase conveniente promover accións encamiñadas á introdución de novas tecnoloxías para o fomento dunha economía sustentable, atendendo así, á demanda da mellora da calidade de vida no medio rural.

Para acadar este fin, a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural promove accións formativas directas, que é preciso completar con outras accións que permitan unha formación integral encamiñada a fortalecer a calidade da produción, a súa transformación e comercialización e mellorar o medio rural. Por isto, é necesario manter as axudas que faciliten, a través de asociacións, sen ánimo de lucro vinculadas ao sector agrario, o desenvolvemento de cursos complementarios á formación agraria dirixidos a aquelas persoas que se atopen no medio rural e desexen mellorar as técnicas e coñecementos que van aplicar no desenvolvemento da súa actividade, para mellorar a calidade de vida, contribuír ao mantemento dos ecosistemas e favorecer o emprego.